

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA
DO 11 DE FEBREIRO DE 2022**

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00007008A

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria

2. AREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2021/00054575P.

Aprobación participación do Concello no plan POS+ 2022 da Deputación Provincial

Acórdase:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial por importe de **827.262,88 euros**, asignados a os obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022" (357.268,43 euros) "achega provincial 2021" (443.199,32 euros) e "préstamo provincial 2022" (26.795,13 euros):

- Achega provincial 2022
 - Senda peonil dende o polígono do Tambre ata o Centro Sociocultural da Gracia: 231.095,44 euros.
 - Senda peonil Rúa das Estrelas: 126.172,99 euros.
- Achega provincial 2021
 - Pista multideporte e parque infantil na zona verde do SUNP-25 Roxos-Quintáns: 150.000 euros.
 - Senda peonil Rúa da Medorra: 173.324,84 euros.
 - Senda peonil en Silvouta: 119.874,48 euros.

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 (cun orzamento subvencionable por importe de 442.842,71 euros) no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

- Investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)
 - Pavimentación do lugar de Aradas (A Peregrina): 143.236,4 euros.
 - Pavimentación do lugar de Coira (Laraño): 124.278,19 euros.
 - Pavimentación do núcleo interior do lugar de Pedrido (Vilvestro): 175.328,12 euros.

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

- 4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+ 2022 Base, se a houbera.
- 5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.
- 6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.
- 7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2022/00005577K.

Aprobación de crédito extraordinario 2022-CREXT-02 por importe de 85.259,89€ financiado con baixas por anulación dentro do proxecto 2018 3 EDUSI 2.

Apróbase o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2022-CREXT-02 por importe de OITENTA E CINCO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E NOVE EUROS E OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (85.259,89 EUROS) para adaptar os créditos existentes no proxecto á natureza do gasto de xeito que permita a execución da actuación “Mellora da accesibilidade en barrios desfavorecidos”, cofinanciada polo FEDER

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00045607X.

Prórroga “Servizo para execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios do termo municipal excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica de Santiago de Compostela (2018-2020). LOTE 1: Viarios con pavimentos asfálticos. Sublote barrios e obras. LOTE 2: Viarios con pavimentos non asfálticos”.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato suscrito coa empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL para a prestación do Servizo para execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios do termo municipal excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica de Santiago de Compostela (2018-2020). LOTE 1: Viarios con pavimentos asfálticos. Sublote barrios e obras. LOTE 2: Viarios con pavimentos non asfálticos, polo prazo dun ano a contar dende o 26 de febreiro de 2022.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto necesario que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 040 15320 2100001 PAV. DE VÍAS PÚBLICAS REPARAC. MANTEM. E CONSERV. INFRAESTR do seguinte xeito, dos seguintes exercicios:

Lote 1: Viarios con pavimentos asfálticos. Sublote barrios e obras.

Anualidade 2022 (26/02/2022 ata 31/12/2022) - 338.888,89 euros, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2023 (01/01/2023 ata 25/02/2023) - 61.111,10 euros, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Lote 2: Viarios con pavimentos non asfálticos

Anualidade 2022 (26/02/2022 ata 31/12/2022) - 254.166,67 euros, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2023 (01/01/2023 ata 25/02/2023) - 45.833,32 euros, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00045607X.

Prórroga “Servizo para execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios do termo municipal excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica de Santiago de Compostela (2018-2020). LOTE 1: Viarios con pavimentos asfálticos. Sublote medio rural. LOTE 3: Viarios sen pavimentos de rodaxe específicos”.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato suscrito coa empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL para a prestación do servizo para execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios do termo municipal excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica de Santiago de Compostela (2018-2020). LOTE 1: Viarios con pavimentos asfálticos. Sublote medio rural. LOTE 3: Viarios sen pavimentos de rodaxe específicos, polo prazo dun ano a contar dende o 26 de febreiro de 2022.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto necesario que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 2100000 CAMIÑOS VECIÑAIS. REPARAC. MANTEN. E CONSERVAC. INFRAESTR do seguinte xeito, dos seguintes exercicios:

Lote 1: Viarios con pavimentos asfálticos. Sublote medio rural.

Anualidade 2022 (26/02/2022 ata 31/12/2022) - 127.083,33 euros, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2023 (01/01/2023 ata 25/02/2023) - 22.916,67 euros, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Lote 3: Viarios sen pavimentos de rodaxe específicos.

Anualidade 2022 (26/02/2022 ata 31/12/2022) - 127.083,33 euros, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

Anualidade 2023 (01/01/2023 ata 25/02/2023) - 22.916,66 euros, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.